



## CAMPAMENTO TECNOLÓXICO A MOLINERA KIDS

O Concello de Ourense, a través da concellería de Promoción Económica no centro de Innovación e Coñecemento “La Molinera” leva a cabo a promoción e organización do campamento tecnolóxico englobado dentro do proxecto “La Molinera Kids” con un claro compoñente de educación non formal destinado a xuventude no ámbito do ocio e do tempo libre.

Asumidas as competencias neste ámbito o Concello de Ourense inclúe entre seus obxectivos o de favorecer a participación da xuventude en actividades de este tipo y para iso convoca, una vez máis, o Campamento Tecnolóxico 2018.

Mediante a oferta de dicho Campamento Tecnolóxico, Concellería de Promoción económica no centro La Molinera ofrece a posibilidade de que a xuventude empregue o seu tempo libre de verán participando nas actividades de carácter lúdico, cultural, tecnolóxico e formativo, que sirvan non só para divertirse senón tamén para o enriquecemento persoal e vital.

### 1. Lugar de realización

As diferentes actividades que integran a programación levaranse a cabo en diferentes quendas de unha semana de duración, durante os meses de xuño e xullo, na dirección e no horario que se detallan a continuación:

Centro de Conocimiento e Innovacion La Molinera  
Rúa do Abrevadeiro 1, 32002 Ourense.  
En horario de luns a venres de 9:30h a 13:45h .

### 2. Actividades

**Primeira quenda; Campamento I: do 25 ó 29 de Xuño.**

**Segunda quenda; Campamento II: do 2 ó 6 de Xullo.**

**Terceira quenda; Campamento III: do 9 ó 13 de Xullo.**

**Cuarta quenda; Campamento IV: do 16 ó 20 de Xullo.**

**Quinta quenda; Campamento V: do 23 ó 27 de Xullo.**

### 3. Programación:

- **Campamento I. Temática Audiovisuais**
- Creación das súas fotografías Painting Light
- Edicións dos seus vídeos con Chroma Key



- Creación do seu propio curtametraxe de animación 3D.
- Creación do seu propio foto-comic.

➤ **Campamento II. Temática Realidade Virtual**

- Creación do seu propio mundo virtual
- Creación de animacións 360°.
- Creación do teu propio avatar con fotografías
- Creación do seu mundo Minecraft.

➤ **Campamento III. Temática Arquitectura 3D.**

- Creación da túa vivenda en 3D
- Creación da túa maqueta de vivenda en 3D
- Pintura condutiva para maquetas.
- Son con placas arduino.

➤ **Campamento IV. Temática Robótica**

- Creación do seu propio videoxogo.
- Fabricación de Robots .
- Creación da súa peza en impresión 3D.
- Creación da túa propia estrutura Lego en 3D.

➤ **Campamento V. Temática Drones**

- Pilotaxe de dron
- Simulador de drones.
- Creación da radio por internet

Co fin de lograr a efectiva difusión do campamento tecnolóxico para próximas convocatorias e co obxectivo de garantir os principios de transparencia, accesibilidade da información e veracidade (artigo 2 da Lei 1/2016, d 18 de xaneiro, de transparencia e ben goberno), se recollerán experiencias e incluso fotografías das instalacións e das persoas participantes que poderán ser empregadas para noticias contidas na prensa, publicacións e incluso divulgadas tanto a través dos servizos da sociedade da información como na páxinas web, redes sociais do Centro de Coñecemento e Innovación La Molinera, e na do Concello de Ourense.

A estos efectos, a presentación da solicitude de participación implica a autorización para a publicación destas imáxenes que serán incorporadas o fichero Actividades dirigidas a la ciudadanía, con el tratamento previsto.



#### 4. Número de prazas

Un total de 150 prazas para o Campamento Tecnolóxico, distribuídas en 30 prazas por quenda.

#### 5. Destinatarios;

Poden solicitar a súa participación nas actividades ofertadas nesta convocatoria rapazas e rapaces nados entre os anos 2010 e 2003, ambos os dous incluídos.

#### 6. Solicitud de prazas

1. As solicitudes deberán presentarse por vía on-line a través do formulario dispoñible na WEB <https://www.lamolineranet/>, e este será o único xeito de facer a inscrición.
2. As solicitudes deben ser cumprimentados de acordo coas seguintes normas:
  - a) Cada rapaza ou rapaz poderase inscribir como máximo a dous campamentos, podendo **só participar nun deles**. No caso de que saíra seleccionado en dous campamentos, deberá elixir un deles, liberando unha das prazas.
  - b) Si alguén se inscribira en mais de dous campamentos, automaticamente serán dadas de baixa súas solicitudes, non tendo dereito a participar en ningún dos campamentos.
  - c) Os datos da solicitude, e sobre os que se realizará o sorteo, deberán ser os do rapaz ou rapaza que participe no campamento, (Con independencia que na propia solicitude inclúese o nome da nai, pai ou titor/a legal).
  - d) O prazo de presentación será de catro (4) días hábiles contados a partir do día 12 de xuño inclusive, finalizando o día 15 de xuño as 24:00 horas.

#### 7. A adxudicación das prazas

Realizarase un sorteo público, polos técnicos municipais, por cada Campamento cos seguintes criterios de selección.

1. Realizaranse 5 sorteos equivalentes as 5 quendas seleccionadas ata establecer unha orde por todas as solicitudes realizadas. Desta forma estableceranse os adxudicatarios provisionais das 30 prazas de cada quenda e a lista de espera do resto das solicitudes.



As 30 prazas dispoñibles de cada campamento, asignaranse correlativamente por orde alfabética entre as persoas inscritas en tempo e forma aplicando o resultado dun sorteo público que se realizará unha vez que remate o prazo de inscrición. O lugar e a data de realización publicarase na páxina web de La Molinera.

2. No sorteo extraeranse dúas letras do abecedario que determinarán, correlativamente, a primeira e a segunda letra do primeiro apelido. As dúas extraccións levaranse a cabo con todas as letras.

3. A orde de prelación comezará pola persoa solicitante cuxo primeiro apelido comece coas dúas letras extraídas, e, se non houberse ningunha, continuarase pola seguinte persoa solicitante por orde alfabética pasando de **ZZ a AA**.

4. En caso de coincidencia no primeiro apelido entre varias persoas solicitantes, acudirase como criterio de desempate ao segundo apelido e nome, por orde alfabética. Cando os apelidos vaian precedidos de preposicións, conxuncións ou artigos, estes non serán tidos en conta.

5. Non se permite a cesión da praza adxudicada a terceiras persoas.

6. O resultado do sorteo, publicarase na páxina web da Molinera e expoñerase no taboleiro da mesma. Os rapaces e rapazas con praza adxudicada serán notificados seus pais ou titores por teléfono, para que en tempo presenten a documentación que se lle solicitará para poder comezar o campamento.